

XIV Certame de Fotografía Universidade de Vigo

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais convoca o XIV Certame de fotografía Universidade de Vigo. As bases deste certame son as seguintes:

1. Poderá presentarse calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (PDI, estudantes e PAS) que non fose premiado en edicións anteriores desta mesma convocatoria.
2. O tema será libre e haberá dúas modalidades: Serie e fotografía única. No caso de presentarse unha mesma obra nas dúas modalidades deberá presentarse unha copia en cada unha. As series serán de tres, catro ou cinco fotografías.
3. Poderán presentarse traballos en branco e negro ou a cor. O tamaño será libre non podendo ser inferior a 20 centímetros en calquera das súas dimensións e deberán estar montadas sobre cartón-pluma ou calquera outro soporte que manteña a súa rixidez.
4. Cada fotografía levará escrita no seu reverso un título identificativo e deberá ir acompañada dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, teléfono de contacto e documento acreditativo da pertenza á comunidade universitaria do participante, negativos das fotografías ou, no seu caso, copia do arquivo dixital en máxima calidade para as posibles publicacións que se poidan realizar, e co mesmo título no exterior.
5. Un xurado designado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais composto por fotógrafos e membros da comunidade universitaria concederá os seguintes premios que se entregarán no presente ano 2017:
 - o Serie: Un 1º premio de 600 euros e un 2º premio de 300 euros.
 - o Fotografía única: Un 1º premio de 400 euros e un 2º premio de 200 euros
6. A estes premios faráselle a retención fiscal oportuna. Os premios da serie e da fotografía única non poderán recaer na mesma persoa.
7. A decisión do xurado será inapelable. O xurado resérvase o dereito de declarar desertos algún ou a totalidade dos premios.
8. As fotografías seleccionadas para o concurso pasarán a ser propiedade da Universidade de Vigo, reservándose esta o dereito a editalas en calquera das súas publicacións, así como a expoñelas nalgunha mostra en calquera dos tres campus, facendo sempre mención ao nome do seu autor/a.